



Data Rexistro: **10/05/2021 13:13:01**
Nº Rexistro: **2021000743**

SAIDA

Pontevedra, 10 de maio de 2021

Como sabes, a Deputación de Pontevedra situou como centro da súa acción política á igualdade. O noso obxectivo é que as mulleres teñamos as mesmas oportunidades que os homes, ocupemos o que nos corresponde por dereito e sexamos protagonistas activas no deseño do presente e do futuro da nosa sociedade.

Sei que este obxectivo é compartido co teu medio de comunicación e que son moitos os esforzos que, tanto ti como a túa equipa, estades a facer para contribuír a espallar a igualdade e visibilizar ás mulleres e o papel que ocupan no mundo. Non podo máis que darche as grazas pola túa contribución e pídoche que as fagas extensivas a todo o persoal que traballa contigo. Sen o voso compromiso o camiño cara a consecución da plena igualdade sería, se cabe, aínda máis longo do que lamentablemente é.

Como sabes, esta mesma semana presentouse o Consello de Administración da sociedade de capital público privado, constituída pola Xunta e participada por empresas galegas, que terá o importante obxectivo de impulsar proxectos estratéxicos no marco dos fondos Next Generation para a recuperación da crise da covid19. A súa composición, exclusivamente masculina, é un novo anacronismo dunha situación que consideramos intolerable e que, estou segura, compartes con nós.

Por iso, pídoche que deamos xuntas e xuntos un paso máis para cambiar as imaxes que se están a transmitir á sociedade e poder, así, rematar coa desigualdade existente. E, nesta loita, a máis democrática, a complicidade dos medios de comunicación é indispensable. A vosa importancia é enorme á hora de comunicar á sociedade imaxes, voces e protagonismos no espazo público ata que chegue o momento da esperada paridade que ata o momento, lamentablemente, aínda non conseguimos.

Non podemos permitirmos o luxo de perder o talento do 52% da poboación cando, amais, somos nós, as mulleres, o 54% das persoas graduadas en educación superior, con mellores cualificacións e con voces moi potentes en campos como a industria, o medio ambiente, o urbanismo, a mobilidade, a demografía, a transición ecolóxica, a dixitalización, a ciencia, a enxeñaría ou a economía, entre outros moitos campos. Hai, polo tanto, mulleres, moitas e de enorme talento e precisamos que sexan protagonistas, que estean presentes tamén nos medios de comunicación, para que a nosa sociedade sexa unha sociedade máis democrática e decente.

É o momento de saír dos discursos e pasar á acción e, estou segura, que neste camiño seguirei tendo a túa complicidade e a da túa equipa para seguir dando pasos a prol da igualdade. Conto co teu compromiso para conseguir incrementar a visibilidade das mulleres e, tamén, a implicación e compromiso dos homes nesta loita, a máis xusta que pode dar a sociedade.

Moitas grazas e un saúdo,



María del Carmen Silva Rego
Presidenta da Deputación de Pontevedra